

Caudaloso mergullo

Co impulso das marés



ROMÁN RAÑA

A poesía de Alexandre Neriúm (Fisterra, 1960) é refractaria ao sentido do común. Quérese dicir, está desapegada do uso diario dos falantes e insérese no uso excepcional do poeta. A poesía, neste caso, é unha excepción, un caso á parte onde os vocábulos teñen vida propia, adquiren autonomía, emiten as súas propias mensaxes, instauran os seus propios códigos. Por iso o quefacer poético do noso autor garda o seu propio curso, cumpre as súas propias normas, establece os seus propios vínculos. E isto xa sucedía no seu primeiro libro, *Vogar de couse* (2003). O que agora comentamos, *Nocturnidade do sal* confirma esta tendencia.

Efectivamente, creo que o noso escritor é daqueles que máis se deleitan e desfrutan da propia sonoridade dos vocábulos, do seu poder eufónico, da súa transcendencia acústica. Por iso non estraña que os termos que utiliza sexan absolutamente inusuais na lírica galega. Palabras de estraña orixe, que remiten á zona xeográfica do autor, á Costa da Morte. Palabras que teñen o aroma do salitre, a forza do vendaval, o impulso das marés. De aí que a substancia resultante da substitución total ou parcial do hidroxenio dun ácido por átomos metálicos ou radicais encha de graza, de sabor preciso, todo o poemario: “fíxoseme/de sal/o que desoio” ou: “atardezo co sal/tras da xanela.”



O volume divídese en dez partes, cada unha prece-dida dun breve texto en prosa que percibimos como sonetos de versos alexandrinos (salvo o dedicado a Carme, que son hendecasílabos). Os dous temas que abranxe son a percepción entusiástica da natureza e o fervor amoroso.

No aspecto formal chama a atención o uso de caligramas marítimos (homenaxe a Manuel Antonio), a brevidade dos versos, a invención de palabras (“sonétenseme”), o emprego de numerosos hipérbatos e o caudaloso mergullo nos nomes mariñeiros. Desta fervenza nacen versos como os que seguen: “De prohibirte, argazo, o teu retorno ó cope (...) / ás avesas do arpón, nazan remoles (...) / é o sal quen te perdoa?” “Se acaso das ilesas axadas foras roce / e dos días sen orto engalgáran-te as quillas!” Amén.

NERIUM, Alexandre, Nocturnidade do sal, Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 2008, 159 páxinas.